

ORZAMENTO 2016

INFORME ECONÓMICO-
FINANCEIRO

INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO ORZAMENTO 2016.

De conformidade co disposto no **artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en relación co artigo 168.1.e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das bases do réxime local**, emito o presente **INFORME** para a súa incorporación ó expediente do orzamento xeral da entidade para o ano 2016, aos efectos de expoñer as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento:

1. Proxecto de Orzamento para o ano 2016

O proxecto de orzamento, que se presenta por esta Alcaldía á consideración do Pleno da Corporación atópase nivelado, e é como segue:

- Orzamento de ingresos: 11.394.500,00 €
- Orzamento de gastos: 11.394.500,00 €

2. Bases de cálculo

Na estimación dos ingresos consideráronse os seguintes criterios ou factores:

- Tributos coa recadación delegada na Deputación Provincial (IBI, IIVTNU, IAE, IVTM) Con carácter xeral pola evolución dos dereitos recoñecidos netos nos últimos exercicios que coninciden basicamente coa recadación. Cabe sinalar que no tocante ao IBI urbana tense en conta a finalización no presente exercizo do incremento no tipo de gravamen resultante da aplicación do Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, pasando do 0,60 % ao 0,50 %. Asimesmo, no proio IBI urbana tense en conta o incremento na recadación que se deduce das altas levadas a cabo polos procedementos de inspección do Catastro
- Nas taxas, prezos públicos, multas e ingresos patrimoniais a estimación realízase en función das previsións contidas nas distintas áreas de prestación de servizos do Concello, tendo en conta o número actual de usuarios e as actividades planificadas para o seu desenvolvemento así como a execución dos últimos exercicios.
- A participación nos tributos do Estado determínase segundo os datos publicados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, estimando como positiva a liquidación do exercizo 2014 en base aos datos contidos nos Orzamentos Xerais do Estado para 2016.
- No relativo ao Fondo de Cooperación Local da Xunta de Galicia, en base as previsións contidas nos seus Orzamentos estímase o mantemento do importe concedido en anos anteriores
- Para as subvencións correntes tñense en conta as informacións facilitadas polas outras Administracións Públicas, ou aquelas que con carácter reiterado no tempo veñen concedendo a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Administración xeral da Comunidade Autónoma.

- A aplicación das ordenanzas fiscais e non fiscais en vigor neste Concello e previstas para o ano 2016.


3. Suficiencia dos créditos para atender ó cumprimento das obrigas esixibles en base aos contratos vixentes, ós gastos de funcionamento básico dos servizos e os programas a desenvolver polo goberno municipal

Os ingresos correntes (Capítulo 1 a 5) son SUFICIENTES para afrontar os gastos correntes (Capítulo 1 a 5), e asegúrase a atención dos gastos de funcionamento dos servizos, contratados ou prestados, á presente data polo Concello de Sada, obténdose un aforro neto de 401.201 € que se adica a investimentos.

En consecuencia, lógrase a efectiva NIVELACIÓN no presente proxecto de Orzamento Municipal para o ano 2016.

Sada, 20 de xaneiro de 2016.

O alcade



Oscar Benito Portela Fernández